

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 12 DE  
XANEIRO DE 2010**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día doce de xaneiro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por don Francisco Javier Varela Tejedor e da proposta de Alcaldía coa designación da persoa á cal corresponde cubrir a vacante**

De orde do Sr. alcalde dáse lectura pola secretaria da corporación ao escrito presentado por don Francisco Javier Varela Tejedor o 28 de decembro de 2009, polo que renuncia á súa acta de concelleiro no Concello de Cambre, así como á proposta de Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2010.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade á proposta e, para tal efecto:

Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre, presentada por don Francisco Javier Varela Tejedor mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 17781 o 28 de decembro actual.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 182.1. da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e alíneas 1 e 3 da Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, respecto da substitución de cargos representativos locais, sinalar á Xunta Electoral Central que o candidato da lista a prol de quen corresponde expedir a credencial acreditativa da condición de electo, atendendo á súa orde de colocación, é don José Francisco Parcero Rial, remitíndolle, para os efectos oportunos, certificación do citado acordo.

**2º Toma de coñecemento da renuncia a formar parte do grupo municipal socialista presentada por dona Mª Beatriz Ramos Padín e solicitude para ser considerada como membro non adscrito, e da proposta de Alcaldía para o efecto**

De orde do Sr. alcalde dáse lectura pola secretaria da corporación ao escrito presentado por dona Mª Beatriz Ramos Padín o 31 de decembro de 2009, rexistrado de entrada ao núm. 18066, no que renuncia a formar parte do grupo municipal socialista e solicita ser considerada como membro non adscrito.

A continuación, dona Mª Beatriz Ramos Padín dá lectura ao escrito presentado o 31 de decembro de 2009, xunto co anterior, e dirixido ao pleno da corporación municipal.

Por orde do Sr. alcalde a secretaria da corporación dá lectura á proposta de Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2010.

O Sr. alcalde pregunta se están todos conformes coa proposta de Alcaldía, aínda que non hai debate.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que o tema non é para debater, pero que vista a predisposición do Sr. alcalde, el mesmo renuncia ao uso da palabra.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade á proposta e, para tal efecto:

Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia a formar parte do grupo municipal socialista presentada por dona Mª Beatriz Ramos Padín.

Segundo: Tomar coñecemento da condición de concelleira non adscrita de dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín cos dereitos e os deberes individuais, incluídos os de carácter material e económico, que segundo as leis forman parte do estatuto dos membros das corporacións locais, sen poder percibir nin beneficiarse dos recursos económicos ou materiais atribuídos pola lexislación aos grupos políticos.

Terceiro: Levar a cabo a modificación do Regulamento orgánico municipal co fin de determinar os dereitos dos concelleiros non adscritos e a forma en que deban exercelos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia